

COMO EVITAR ERROS DE ADECUACIÓN, COHERENCIA, COHESIÓN... E ORTOGRAFÍA!

Arancha R. F. - 2024/2025

1. Comezar todas as respostas cunha INTRODUCCIÓN. Para facer unha introdución axeitada podes parafrasear o que di a pregunta.

Pregunta – Que xéneros cultivou Rafael Dieste na súa obra?

Resposta INCORRECTA – prosa e teatro

Resposta CORRECTA – Rafael Dieste cultivou os xéneros de prosa e teatro.

2. Utilizar o plural maxestático no canto da primeira persoa do singular.

Resposta INCORRECTA: Eu creo que este debuxo representa a morte.

Resposta CORRECTA: Tendo en conta a traxectoria do autor, consideramos que esta ilustración representa a morte.

3. Non abusar de conectores comodín como “e” ou “pero”. Empregar outros como ademais, pese a iso, non obstante, porén, sobre todo, cabe destacar...”.

Resposta INCORRECTA: O galego é unha lingua moi antiga e vén do latín pero agora fálase menos.

Resposta CORRECTA: O galego é unha lingua que procede do latín, polo tanto ten séculos de antigüidade. Non obstante, na actualidade é un idioma que perde falantes debido ao proceso de castelanización da sociedade.

4. Non abusar de verbos de significado moi amplo como “ser”, “facer” ou “inventar”.

Exemplo:

Resposta INCORRECTA – Castelao era médico e escritor e era do Grupo Nós. Fixo moitas obras de moitos estilos e inventou as Cousas.

Resposta CORRECTA – Castelao estudou medicina ademais de exercer a profesión de escritor. Ademais, pertencía ao Grupo Nós. Realizou múltiples obras de diversos estilos e chegou a inventar un xénero literario: as Cousas.

5. Empregar sinónimos.

Resposta INCORRECTA: Manuel Antonio foi un escritor que escribiu poesía. É un dos mellores escritores. Forma parte dos escritores das vangardas.

Resposta CORRECTA: Manuel Antonio foi un autor que escribiu, maioritariamente, poesía. Considerámolo un dos mellores escritores da historia de Galiza. Forma parte dos artistas das vangardas.

Outros exemplos: libro – obra – volume – publicación
lingua – idioma – fala

6. Eliminar os castelanismos.

Resposta INCORRECTA: andábamos, imos a comer, ha feito, marchouse.

Resposta CORRECTA: andabamos, imos comer, fixera/tivera feito, marchou.

7. Adoptar unha forma nos vocábulos que admiten dúas formas e ser coherente ao longo de todo o texto.

Resposta INCORRECTA: Galicia caracterízase pola súa ampla variedade de escritores. Todos estes escritores incomparábeis forman parte do legado de Galiza. Ademais, é indiscutible que Galicia é unha potencia e até os seus escritores e escritoras teñen gañado diversos premios internacionais e literarios. Ata poderíamos dicir que a día de hoxe estamos na vangarda.

Resposta CORRECTA: Galiza caracterízase pola súa ampla variedade de escritores. Todos estes escritores incomparábeis forman parte do legado de Galiza. Ademais, é indiscutíbel que Galiza é unha potencia e até os seus escritores e escritoras teñen gañado diversos premios internacionais e literarios. Até poderíamos dicir que a día de hoxe estamos na vangarda.

8. Non cometer erros ortográficos.

Resposta INCORRECTA: abogado, barrer, boda, hay, ahí, ay!, dacordo.

Resposta CORRECTA: avogado, varrer, voda, hai, aí, ai!, de acordo.

9. Acentuar axeitadamente.

Resposta INCORRECTA: Sí que me gustou. Tí que tal? / Rápidamente.

Resposta CORRECTA: Si que me gustou. Ti que tal? (os monosílabos non se acentúan agás que sexan diacríticos). / Rapidamente (os adverbios rematados en -mente non se acentúan en galego).

A continuación tes un texto. Debes corrixilo e adaptalo a un contexto formal, como un traballo ou un exame, así como evitar as faltas de ortografía e de coherencia e cohesión.

Pregunta: Castelao, vida e obra.

Castelao facía cousas importantes. Eu creo que él foi moi importante para Galicia. Él facía debuxos e tamén escribía libros. Non era do cenáculo ourensán porque era de Rianxo. Él escribú *Sempre en Galiza* que fala de Galicia e que é un libro moi bo. Tamén escribú outros textos, pero non me lembro agora de como se chamaban. Castelao é moi famoso porque a xente gustáballe moito o que facía e porque era galego. Tamén Castelao era político e facía política para defender Galicia. Eu creo que a súa política era moi importante para Galicia porque él quería que Galicia fose mellor. Castelao sempre facía cousas importantes e por iso hoxe en día seguimos a falar de él. O seu arte era moi bó e tamén facía debuxos que eran moi bonitos. El facía moitos debuxos de persoas e despois escribía cousas sobre elas. Eu vin algún dos seus debuxos unha vez que íamos a ter un exame de galego e parecéronme moi bonitos. Emigrou a Arxentina porque o ían a matar polo franquismo. Castelao foi un dos mellores. El morreu hai moitos anos pero sigue sendo importante hoxe. Tamén está en moitos libros de historia porque Castelao foi moi importante para Galicia e porque todo o que fixo é moi bó.